DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 133 Xoves, 12 de xullo de 2018 Páx. 33204

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*EXTRACTO da Resolución do 10 de xullo de 2018 pola que se establecen as normas que rexerán a concesión das axudas destinadas a sufragar os danos sufridos en establecementos comerciais, industriais, turísticos e mercantís, derivados da explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018, segundo o Decreto 55/2018, do 31 de maio, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018.*

BDNS (Identif.): 407786.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (BDNS) (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index):

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

As persoas físicas ou xurídicas, titulares dos establecementos comerciais, mercantís, industriais e turísticos en que se producisen danos derivados directamente da explosión.

Segundo. *Obxecto*

As axudas outorgaranse de forma directa e teñen por obxecto sufragar os danos sufridos en establecementos comerciais, industriais, turísticos e mercantís, derivados da explosión de material pirotécnico producida en Tui, o 23 de maio de 2018.

Terceiro. *Normas polas que se rexen as axudas*

Resolución do 10 de xullo de 2018 pola que se establecen as normas que rexerán a concesión das axudas destinadas a sufragar os danos sufridos en establecementos comerciais, industriais, turísticos e mercantís, derivados da explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018, segundo o Decreto 55/2018, do 31 de maio, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018.

CVE-DOG: townnkp8-dgi2-c608-ggx8-aalqo7qshdz9

Cuarto. *Importe*

Os créditos dispoñibles para concesións nesta convocatoria aboaranse con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1-741A-7706 e por un importe de 600.000,00 € con cargo ao ano 2018.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2018

Pablo Casal Espido
Secretario xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

CVE-DOG: townnkp8-dgi2-c608-ggx8-aalqo7qshdz9